

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

8.- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS DEPORTIVOS DO IMD BAIXO A GRADA DE RÍO DE BALAIÓDOS". EXPTE. 87/441.

Visto o informe de fiscalización de data 22/11/18, dáse conta do informe-proposta do 21/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441) na seguinte orde descendente

Orde	Licitador	Puntuación total
1	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	91,99 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/11/2018 11:32

Páxina 1 de 3

Expediente 87/441

CSV: 27E359-57E3CA-83D15B-PTESBR-LNXA9R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A., DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, o día 6 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 16 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, de acordo co informe de valoración da única proposición avaliable mediante xuízo de valor do 18 de outubro de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 25 de outubro de 2018 polo que se outorgou ao licitador a máxima puntuación por ser o único presentado e admitido, de acordo coa cláusula 16.5 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA o procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/11/2018 11:32

Páxina 2 de 3

Expediente 87/441

CSV: 27E359-57E3CA-83D15B-PTESBR-LNXA9R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Grada de Río de Balaídos" (87-441) por un prezo total de 1.391.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 241.413,22 euros.
Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ambos dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Nas próximas datas enviaráselle o contrato ao adxudicatario para a súa sinatura electrónica.

Os informes e documentación que motivan esta adxudicación poden consultalos no seguinte enderezo web:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=7NCCKxa%2FfjVvYnTkQN0%2FZA%3D%3D

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

A Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación (por delegación-resolución 14.12.2017).- Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/11/2018 11:32

Páxina 3 de 3

Expediente 87/441

CSV: 27E359-57E3CA-83D15B-PTESBR-LNXA9R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>